fundación
VEDRUNA
EDUCACIÓN
María Inmaculada-Vigo

Estimadas familias

O mércores 11 de novembro terá lugar unha Folga Xeral.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional establece que nos centros de ensino privado e concertado "*manteranse os servizos mínimos establecidos para os centros docentes públicos de ensino dependentes da Consellería quedando establecidos en:*

-A Dirección ou membro do Equipo Directivo e un subalterno/a en cada centro escolar ***quedando garantida a apertura e o peche do centro.***

-1 auxiliar coidador/a en cada centro educativo que non sexa centro de educación especial e que neste curso teña asignado persoal desa categoría.

Durante este día o colexio permanecerá aberto no seu horario habitual soamente con servizos mínimos.

O alumnado que asista no seu horario habitual será atendido e custodiado dentro das medidas que se poidan adoptar para garantir a súa seguridade sen desenvolver ningunha actividade lectiva durante o día e contando soamente coa obligatoriedade dos servizos mínimos.

Ao respecto dos **servizos complementarios** que ofrece o centro comunicamos que:

- O centro non pode garantir a normalidade do servizo de acollida matinal nin das actividades extraescolares.
- A empresa do comedor Calidus comunicou á Dirección do centro que durante a xornada de folga permanecerá pechada, polo que suspenderá a actividade durante ese día. Non contaremos polo tanto con servizo de comedor.
- A empresa de actividades extraescolares Activa tampouco pode garantir a normalidade das extraescolares ofertadas para ese día.
- Extraescolar Natación Náutico de Vigo. Dende o centro educativo non podemos garantir a normalidade do transporte nin taupouco a presenza do profesorado acompañente nesta actividade. Náutico de Vigo comunica á Dirección do centro que estará operativo para aquelas familias que queiran levar persoalmente aos seus fillos.

fundación
VEDRUNA
EDUCACIÓN
María Inmaculada-Vigo

Ao respecto **das entradas e saídas**

- O alumnado que asista ao centro entrará no seu horario habitual pola porta de Pi y Margall (portería) e a saída será por este mesmo sitio. Non estará operativa a entrada nin saída da r/ Llorente.
- Solicitamos ás familias que respecten o horario de entrada e saída evitando entradas e recollidas fóra do horario habitual.

Un saúdo

A Dirección